



PAUTAS A SEGUIR NAS ACTIVIDADES CULTURAIS POLO CONCELLO DE VALDOVIÑO EN APLICACIÓN DA NORMATIVA DO COVID-19

- O Concello de Valdoviño en aplicación á normativa vixente do Covid-19, en cada unha das actividades a realizar, terá un número máximo de cadeiras dispoñíbeis para o seu uso. Igualmente o espazo no que se leve a cabo a actividade estará perfectamente delimitado.
- O Concello de Valdoviño na semana que realice calquera das actividades porá a disposición das persoas interesadas, un número máximo de invitacións que se terán que recoller obrigatoriamente na Oficina Municipal de Turismo (glorieta da Estrada da Praia da Frouxeira na Porta do Sol) de luns a mércores das 11 ás 17 horas e os xoves das 11 ás 14 horas.
- No caso de que sobrasen invitacións, estarán a disposición do público o mesmo día da actividade e repartiranse por orde de chegada das persoas interesadas. De igual xeito poderán ser dispostas para o seu uso aquelas cadeiras que non fosen ocupadas polas persoas que tendo invitación non acudan a actividade ou chegasen tarde ao acto. Non se admitirán as reclamacións por estas circunstancias.
- Cando a Área de Cultura decida que a actividade de exterior pase a realizarse no auditorio da Casa da Cultura, só poderán asistir aquelas persoas que teñan a invitación.
- **USO DAS MÁSCARAS:** o seu uso será obrigatorio naquelas actividades nas que non se poida manter a distancia de seguridade; porén o Concello de Valdoviño recomendará o uso xeneralizado das mesmas en todas as actividades coas excepcións que a propia normativa indicque.

TODA A INFORMACIÓN DA ÁREA DE CULTURA IRASE MOSTRANDO A TRAVÉS DOS CARTEIS, NAS REDES SOCIAIS E NA WEB MUNICIPAL, TAMÉN NO TELÉFONO DA CASA DA CULTURA (De martes a xoves das 9:30 ás 13:30 horas, agás festivos)